

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

17703 *Real decreto 1589/2009, do 16 de outubro, polo que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a implantación de sistemas de aseguramento para a mellora integral da calidade do leite cru producido e recollido nas explotacións, e a súa certificación externa.*

O Real decreto 460/2002, do 24 de maio, polo que se establecen axudas ao financiamento de accións de asesoramento para a mellora da calidade do leite producido e recollido nas explotacións, conseguiu avanzar no proceso de mellora da calidade do leite no territorio nacional, mediante axudas para implantar medidas de asesoramento. Tanto para o gando vacún leiteiro, como para o ovino e caprino, estas axudas executáronse mediante programas de control e mellora.

No ano 2006 entrou en vigor a nova regulamentación comunitaria en materia de hixiene alimentaria que consagra a responsabilidade, na produción de alimentos seguros, dos distintos axentes da cadea alimentaria. En concreto, e no ámbito da produción leiteira, o Regulamento (CE) n.º 852/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, relativo á hixiene dos produtos alimenticios, establece as normas xerais de hixiene dos alimentos de orixe animal. Este regulamento incide na importancia do fomento, desde as administracións públicas, do uso de prácticas hixiénicas apropiadas nas explotacións gandeiras. Estas deben ser implantadas mediante guías nacionais ou comunitarias de prácticas correctas de hixiene.

As guías nacionais de prácticas correctas de hixiene foron elaboradas en España polo sector lácteo implicado e afectan as tres especies de aptitude leiteira. As guías están publicadas na páxina web do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño: <http://www.mapa.es/es/ganaderia/ganaderia.htm>.

Co obxectivo de fomentar o uso destes sistemas, e dada a complexidade e a variedade de aspectos establecidos nestas guías, resulta conveniente apoiar medidas de asesoramento técnico e certificación externa necesarias para a súa correcta implantación.

Este real decreto establece dous tipos de subvencións para a mellora integral da calidade do leite no ámbito das explotacións gandeiras, conforme os criterios da nova normativa. Os destinatarios últimos das axudas son os gandeiros, e as cooperativas, agrupacións e asociacións de produtores, e as centrais de compra actúan como executoras da actividade subvencionable, e por tanto como beneficiarios cuxo labor redonda finalmente na produción primaria de leite, producido así con mellores estándares de calidade.

Nunha primeira liña de axudas supéditase a percepción das axudas á mellora integral da calidade do leite desde a explotación, mediante a implantación da guía de prácticas correctas de hixiene, proceso que require o asesoramento por un equipo técnico.

A segunda liña de axudas insta a posibilidade para o sector produtor lácteo de avanzar na calidade da produción, dando un valor engadido e diferenciador ao leite, que permita mellorar a competitividade do produto de maneira sustentable, mediante a certificación externa da guía de prácticas correctas de hixiene. Establécese nesta liña de axuda a obriga de incluír un proceso de asesoramento técnico máis complexo, que permita executar e controlar a implantación da guía de prácticas correctas de hixiene. Esta condición será previa ao acceso á obtención do certificado de conformidade emitido pola entidade de certificación.

Así mesmo, quérese apoiar especificamente o sector leiteiro dos pequenos ruminantes, dando cumprimento parcial ás iniciativas aprobadas no mes de maio de 2007, polo

Congreso dos Deputados e o Senado, polas que se insta á adopción de accións a favor do sector ovino e caprino.

Posto que o destinatario final destas axudas é o produtor de leite, as axudas axústanse ao disposto no Regulamento (CE) n.º 1857/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, sobre a aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas estatais para as pequenas e medianas empresas dedicadas á produción de produtos agrícolas e polo que se modifica o Regulamento (CE) n.º 70/2001.

De acordo co anterior, mediante este real decreto, de conformidade co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, establécense as bases reguladoras para a concesión das subvencións estatais, en réxime de concorrencia competitiva, para a implantación de sistemas de aseguramento para a mellora integral da calidade do leite cru producido e recollido nas explotacións, e a súa certificación externa.

Na elaboración desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas do sector afectado.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 16 de outubro de 2009,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Este real decreto ten por obxecto establecer as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a implantación das guías de prácticas correctas de hixiene en gandarías dedicadas á produción láctea procedente de vacún, ovino e caprino.

2. Con este obxectivo establécense dúas liñas de axudas para as seguintes actividades subvencionables:

a) Axudas para asesoramento técnico básico na implantación das guías, mediante a aplicación dos programas correspondentes.

b) Axudas para a certificación externa da implantación das guías, levada a cabo igualmente mediante os correspondentes programas.

Esta liña de axudas incluírá un proceso de asesoramento técnico intensivo previo ao procedemento de certificación externa.

3. As guías que se implantarán serán as publicadas na páxina web do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño: <http://www.mapa.es/es/gandaría/gandaría.htm>.

4. En ambas as liñas de axudas os labores de asesoramento deberán estar repartidos de maneira equilibrada entre todos os puntos correspondentes ás diferentes materias que inclúen as guías.

5. Quedan excluídos destas axudas os gastos vinculados á transformación ou comercialización do leite e dos produtos lácteos.

6. As axudas unicamente se poderán conceder respecto de actividades iniciadas ou realizadas con posterioridade á presentación de solicitudes.

7. As axudas concederanse en especie mediante servizos subvencionados e non poderán consistir en pagamentos directos en efectivo aos produtores.

Artigo 2. *Definicións.*

1. Para os efectos deste real decreto entenderase como:

a) Autoridade competente: o órgano competente da comunidade autónoma onde radiquen as explotacións incluídas no programa.

b) Central de compras: aquelas figuras definidas no artigo 2.g) 1.º, 2.º e 3.º, e 4 do Real decreto 754/2005, do 24 de xuño, polo que se regula o réxime da taxa láctea, respecto do leite de vaca, así como os centros de recollida e de transformación de leite de ovella e de cabra.

c) Centros de recollida e de transformación de leite de ovella e de cabra: empresa ou agrupación de empresas que compren leite cru de ovella ou de cabra procedente de produtores instalados en territorio español.

d) Contrato de subministración: aquel contrato homologado conforme a Lei 2/2000, do 7 de xaneiro, reguladora dos contratos tipo de produtos agroalimentarios.

e) Equipo técnico: conxunto de profesionais asesores que, en nome propio ou dunha persoa xurídica, privada ou pública, e contando coa experiencia, cualificación e medios necesarios, ao xuízo da autoridade competente, desenvolve con imparcialidade as tarefas de asesoría que son obxecto de subvención mediante este real decreto, baixo a dirección técnica dun licenciado en veterinaria.

f) Guía de prácticas correctas de hixiene: documento director do aseguramento para a mellora integral da calidade do leite de explotación, definida por especie leiteira.

g) Programa: serie ordenada de operacións necesarias para levar a cabo a implantación das guías de prácticas correctas de hixiene.

2. Serán, ademais, aplicables as definicións establecidas na seguinte lexislación:

a) Regulamento (CE) n.º 1857/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, sobre a aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas estatais para as pequenas e medianas empresas dedicadas á produción de produtos agrícolas e polo que se modifica o Regulamento (CE) N.º 70/2001.

b) Real decreto 1728/2007, do 21 de decembro, polo que se establece a normativa básica de control que deben cumprir os operadores do sector lácteo e se modifica o Real decreto 217/2004, do 6 de febreiro, polo que se regulan a identificación e o rexistro dos axentes, establecementos e contedores que interveñen no sector lácteo, e o rexistro dos movementos do leite.

Artigo 3. *Beneficiarios.*

1. Poderán ser beneficiarios destas axudas as centrais de compra, as cooperativas e sociedades agrarias de transformación entre cuxos obxectivos estea a comercialización ou transformación de leite de vaca, ovella ou cabra, e as agrupacións e as asociacións de produtores de leite (en diante «Entidades») de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 15.3 do Regulamento (CE) n.º 1857/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, que cumpran os seguintes requisitos:

a) Levar a cabo a actividade subvencionable sinalada no artigo 1.2, alíneas a) ou b), nun grupo de titulares de explotación incluídos nun mesmo programa; estas entidades estarán autorizadas para isto polos titulares de cada explotación, tal como se establece no artigo 11.2 e anexos I e II.

b) Excluir de todos os programas as explotacións gandeiras que deixen de cumprir algún dos requisitos que establece este real decreto, e comunicalo á autoridade competente nun prazo de dous meses desde a dita exclusión.

c) Cumprir os requisitos legais e regulamentarios en materia de rastrexabilidade, e estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguranza Social.

d) Cumprir o exixido nas normas ou programas complementarios establecidos, se é o caso, pola autoridade competente.

e) Ademais, no caso das centrais de compra deberán realizar un pagamento diferencial positivo por parámetros de calidade hixiénico-sanitaria do leite cru por riba do imposto pola normativa vixente. Este pagamento diferencial poderase establecer incluíndo, adicionalmente, aspectos ambientais, de benestar animal e de persoal da explotación, con exixencias superiores ás establecidas na dita normativa, ou na guía.

f) Adicionalmente, en caso de centrais de compra de leite de vaca, deberán:

1.º Cumprir coas obrigas impostas polo réxime da taxa suplementaria.

2.º Analizar as mostras de leite nun laboratorio de análise, conforme o Real decreto 1728/2007, do 21 de decembro

2. As entidades poderán presentar simultaneamente axudas para un programa de asesoramento establecido no artigo 1.2.a) e para outro de certificación externa, establecido no artigo 1.2 b).

No caso dos programas correspondentes á liña de axudas establecida no artigo 1.2.a), o programa incluírá o cento por cento das explotacións que son subministradoras de leite da entidade beneficiaria prevista no punto 1. Tamén poderá incluír, xunto aquelas, outras que non sexan subministradoras da dita entidade, que se comprometesen a participar no programa xestionado por esta, excepto aquelas que xa estean incluídas noutro programa, mediante o cal se soliciten estas axudas.

3. Os destinatarios últimos destas axudas son os titulares de explotacións produtoras de leite de vacún ou de ovino ou caprino que teñan a cualificación de pequena e mediana empresa segundo o establecido no anexo I do Regulamento (CE) n° 800/2008 polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado, e que, téndolle autorizado a unha entidade a súa inclusión no seu programa, segundo se establece no punto 1.a), cumpran os seguintes requisitos:

a) Non ter cometido infracción cuxo procedemento finalizase con sanción firme en vía administrativa pola autoridade competente, nos 12 meses previos á resolución da axuda, por incumprimento da normativa vixente.

b) Cumprir cos requisitos legais e regulamentarios en materia de rastrexabilidade e de identificación animal, así como de benestar e de sanidade animal.

c) Non ter a consideración de empresa en crise.

d) Así mesmo, en caso de seren titulares de explotacións de vacún leiteiro, deberán:

1.º Ter cantidade de referencia asignada e cumprir coas obrigas impostas polo réxime da taxa láctea, salvo que se trate de explotacións situadas na Comunidade Autónoma de Canarias, de acordo co establecido no Real decreto 347/2003, do 21 de marzo, polo que se regula o sistema de xestión de cota láctea, e o Real decreto 754/2005, do 24 de xuño, polo que se regula o réxime da taxa láctea.

2.º Analizar as mostras de leite nun laboratorio de análise, conforme o Real decreto 1728/2007, do 21 de decembro.

4. Non poderán estar incluídos nos programas obxecto das axudas previstas neste real decreto aquelas explotacións en que concorran algunha das seguintes circunstancias:

a) Ter incumplido calquera dos compromisos e requisitos a que se refire este artigo no ano anterior á solicitude.

b) Ter participado, nos cinco anos precedentes, no mesmo programa para o cal se solicitan as axudas.

5. Sen prexuízo do anterior, establécense as seguintes limitacións:

a) As explotacións unicamente poderán estar incluídas simultaneamente nun programa, xa sexa o establecido na alínea a) ou na b) do artigo 1.2.

b) Os titulares das explotacións incluídos nos programas de referencia deberán permanecer no mesmo programa como mínimo ata que finalice o ano para o cal se solicitou a axuda. Isto non será exixible en caso de que existise unha renuncia expresa do titular.

Artigo 4. *Criterios obxectivos de outorgamento da subvención.*

1. Na concesión das subvencións previstas neste real decreto valoraranse as solicitudes de acordo co baremo seguinte:

a) Programa con, polo menos, o 50 por cento das explotacións incluídas en zonas rurais prioritarias, de acordo coa Lei 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sustentable do medio rural: dous puntos.

b) Entidade que sexa unha sociedade agraria de transformación ou unha cooperativa: un punto.

c) Programa que inclúa máis do 50 por cento dos beneficiarios con contrato homologado de subministración de leite no momento da solicitude da axuda: catro puntos.

2. A autoridade competente poderá establecer criterios específicos adicionais, que no seu conxunto poderán alcanzar unha puntuación máxima de tres, sempre relacionados coas normas ou co programa autonómico a que fai referencia o artigo 3.1.d).

3. Ante a igualdade na puntuación, priorizaranse aqueles programas que cumpran o establecido no punto 1 c) deste artigo.

4. As autoridades competentes ordenarán as solicitudes segundo o baremo establecido neste artigo e atenderán ás de superior puntuación en función da dispoñibilidade orzamentaria.

Artigo 5. *Contía, compatibilidade e límites das axudas.*

1. Estas axudas son compatibles con calquera outra que para o mesmo obxecto ou finalidade establezan outros entes públicos ou privados, locais, autonómicos, nacionais ou internacionais.

2. Non obstante o establecido no punto anterior, a acumulación das axudas non poderá superar os límites previstos nos artigos 14 e 15 do Regulamento (CE) n.º 1857/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, e terase en conta a incompatibilidade establecida no seu artigo 19.

3. A contía das axudas non poderá superar os seguintes límites, sempre dentro das dispoñibilidades orzamentarias:

- a) O 50 por cento dos custos subvencionables descritos no artigo 7.
- b) O 70 por cento dos custos subvencionables descritos no artigo 8.

4. Non obstante, poderase subvencionar o 70 por cento dos custos descritos no artigo 7 naqueles programas de gando ovino e caprino en que todas as explotacións participantes no programa teñen todos os seus animais adultos identificados conforme o establecido no Real decreto 947/2005, do 29 de xullo, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais das especies ovina e caprina.

5. Así mesmo, as axudas reguladas neste real decreto axustaranse ás seguintes limitacións:

a) Unha mesma entidade poderá obter subvencións para un programa determinado durante un máximo de cinco anos consecutivos.

b) Un mesmo titular dunha explotación gandeira poderase manter nun mesmo programa durante un máximo de cinco anos consecutivos.

c) En programas de certificación externa a actividade relacionada co proceso de certificación externa só se poderá subvencionar a partir do terceiro ano.

Artigo 6. *Contido e requisitos mínimos do programa para a implantación da guía mediante asesoramento técnico.*

1. O programa de asesoramento para a implantación da guía establecido no artigo 1.2.a) recollerase nunha memoria que inclúa polo menos os seguintes puntos:

- a) Documento descritivo xeral que conteña, polo menos:
 - 1.º Obxectivos do programa.
 - 2.º Duración do programa.
 - 3.º Sistema de seguimento e verificación da evolución do programa.
 - 4.º Sistema de implantación de medidas correctoras.
 - 5.º Orzamento do programa por cada un dos puntos da guía.
 - 6.º Descrición do sistema de pagamento diferencial positivo, se é o caso
 - 7.º Identificación e honorarios do equipo técnico polo asesoramento.
- b) Un documento descritivo por cada explotación produtora de leite, que inclúa, polo

menos:

- 1.º Informe inicial sobre o estado de partida da explotación.
- 2.º Obxectivos do programa baseados no estado inicial.
 - c) Cronograma anual do equipo técnico coas visitas que se deberán realizar.
2. O programa incluírá polo menos dúas visitas do equipo técnico:
 - a) Unha primeira visita, que servirá de rexistro da situación de partida para o establecemento dos obxectivos do programa, e na cal se comprobará o nivel de cumprimento da guía.
 - b) Unha última visita, onde se comprobará a evolución e o grao de consecución dos obxectivos establecidos no programa.
3. O programa incluírá necesariamente unha revisión e valoración do funcionamento da máquina de muxidura e do tanque de refrixeración.
4. En caso de programas con elevado número de explotacións e como alternativa á documentación prevista no punto 1 b), a autoridade competente poderá requirir un número inferior de documentos descritivos, que serán seleccionados aleatoriamente, con características representativas do colectivo de explotacións incluídas no programa.

Artigo 7. Custos subvencionables do programa para a implantación da guía mediante asesoramento técnico.

1. Poderanse conceder as axudas para sufragar os custos das actividades de asesoramento técnico sinaladas no artigo 1.2 a), sempre que garden relación coa implantación da guía de prácticas correctas de hixiene e que revertan na mellora integral da calidade do leite cru.
2. As axudas non poderán consistir en pagamentos directos en efectivo ao produtor.
3. Serán custos subvencionables:
 - a) Gastos do asesoramento técnico ao gandeiro.
 - b) Gastos xerados na xestión do programa.
 - c) Gastos derivados do control efectuado nas visitas realizadas polo equipo técnico.
 - d) Gastos para a formación dos produtores en materia de prácticas correctas de hixiene e rastrexabilidade do leite cru, por organización de cursos, honorarios do formador e materiais didácticos necesarios.
4. Quedan expresamente excluídos os seguintes custos:
 - a) Os derivados do funcionamento habitual das explotacións.
 - b) Os derivados das análises de mostras de leite realizadas polo propio produtor ou pola entidade, entre os cales se inclúen os controis habituais da calidade do leite, e aqueles para os cales a normativa comunitaria dispoña que o custo dos controis debe ser por conta dos produtores.
 - c) Os medios de transporte de calquera índole ou sistema de adquisición destes.
5. A partir de 2011 excluíranse destas axudas os custos correspondentes á execución da actividade subvencionable en explotacións en que se dea calquera destas circunstancias:
 - a) No caso de explotacións produtoras de leite de vaca, superación, na media xeométrica de colonias de xermes a 30 °C, correspondente ao último trimestre, dun limiar que, para o 2010, será de 95.000 colonias e que cada ano se verá reducido en polo menos 5.000. Esta valoración realizarase cos resultados das análises das mostras de explotación establecidas no Real decreto 1728/2007, do 21 de decembro.
 - b) No caso de explotacións produtoras de leite de ovino ou caprino, superación, na media xeométrica de colonias de xermes a 30 °C en gando ovino e caprino, correspondente ao último trimestre, dun limiar que, para o 2010, será de 1.450.000 colonias e que cada ano se verá reducido polo menos en 70.000. Esta valoración realizarase cos resultados dos laboratorios de análise das mostras de autocontrol tomadas da explotación.

Artigo 8. Requisitos do programa para a certificación externa do cumprimento da guía con asesoramento técnico.

1. Todo programa para a certificación externa para a implantación das guías, establecido no artigo 1.2.b), deberá incluír unha primeira fase de asesoramento técnico dunha duración máxima de dous anos e outra posterior de certificación.

2. Como conclusión do programa satisfactoriamente realizado, os titulares das explotacións obterán un certificado do cumprimento do documento normativo establecido no punto 3.a) deste artigo, que deberá ser emitido por un organismo independente de control, que debe cumprir cos requisitos establecidos no artigo 10.

3. Xunto coa información incluída no artigo 6.1 relativa ao programa de asesoramento, o programa de certificación externa deberá incluír a seguinte:

a) Un documento no cal se establezan os requisitos que se deben cumprir para a certificación externa.

b) Un plan de controis acordado pola entidade cos titulares das explotacións.

c) Un documento de xestión da calidade con, polo menos, os seguintes procedementos escritos:

1.º Sistema e obxectivos do autocontrol.

2.º Sistema de seguimento e verificación da evolución.

3.º Plan de continxencia en caso de non-cumprimento das especificacións do proceso ou do produto por unha ou máis explotacións.

4.º Método e motivos de exclusión dunha ou varias explotacións.

5.º Método de incorporación de novas explotacións.

6.º Listaxe de rexistros que se realizarán en cada explotación.

7.º Sistema de implantación de medidas correctoras.

d) Un documento elaborado pola entidade de certificación con, polo menos, a seguinte información:

1.º Cronograma anual das visitas que realizará a entidade de certificación, de acordo coa guía e as liñas de traballo que se van verificar.

2.º Procedemento de mostraxe de explotacións.

3.º Programa de control da entidade de certificación sobre a explotación.

4.º Tarifas da entidade de certificación para ese programa.

4. De maneira opcional o programa poderá incluír, ademais, unha serie de características que permitan achegar valor engadido do proceso ou do produto. Estas serán características que se deben alcanzar no proceso ou no produto por riba das establecidas nas guías para poder acceder á certificación externa, e manterse en estado de conformidade.

5. Unicamente se poderá incluír información adicional ao leite ou produtos lácteos mediante etiquetaxe facultativa, no caso de que se inclúan no proceso de certificación características que permitan achegar valor engadido ao produto, sempre e cando se cumpra o establecido no Real decreto 1334/1999, do 31 de xullo, polo que se aproba a norma xeral de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios.

Artigo 9. *Custos subvencionables dos programas para a certificación externa da implantación das guías de prácticas correctas de hixiene.*

1. Serán custos subvencionables dos programas para a certificación externa da implantación das guías de prácticas correctas de hixiene, ademais daqueles sinalados no artigo 7, os seguintes:

a) Tarifas da entidade de certificación para estes programas.

b) Formación ao titular de explotación en sistemas de autocontrol e certificación externa.

2. Durante os dous primeiros anos desde a presentación da solicitude da axuda subvencionaranse ata o 70 por cento dos gastos incluídos no artigo 7. Durante os tres

anos seguintes, subvencionarase ata o 70 por cento dos gastos do punto anterior e ata o 25 por cento dos gastos incluídos no artigo 7.

3. Quedan expresamente excluídos os pagamentos directos en efectivo ao produtor.

4. Adicionalmente ao cumprimento do establecido no artigo 7.5, desde o terceiro ano contado desde o inicio da aplicación do programa exclúiranse os custos correspondentes aos beneficiarios que non obtivesen o certificado de conformidade establecido no artigo 8.2.

Artigo 10. *Requisitos do organismo independente de control.*

O organismo independente de control deberá estar acreditado cunha antigüidade mínima dun ano, por unha entidade de acreditación das regras no capítulo II, sección 2, do Regulamento de infraestrutura para a calidade e a seguranza industrial aprobado polo Real decreto 2200/1995, do 28 de decembro, ou, se é o caso, por calquera outro organismo de acreditación asinante do Acordo multilateral de recoñecemento da European Co-operation for Accreditation (EA), conforme a norma UNE-EN 45011, relativa ás exixencias que deben observar os organismos de control e certificación de produtos no ámbito agroalimentario, así como estar acreditado especificamente cun alcance que cubra a implantación das guías previstas neste real decreto.

Artigo 11. *Solicitudes.*

1. As entidades presentarán unha solicitude para levar a cabo calquera dos programas obxecto das axudas establecidas no artigo 1.2, en que estarán integrados os titulares de explotacións ás cales se destinan estes, ante o órgano competente da comunidade autónoma onde radiquen as explotacións do citado programa, ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a partir do día seguinte ao da publicación das correspondentes convocatorias polas comunidades autónomas e, en todo caso, ata o 30 de xuño de cada ano.

2. O titular da explotación en que se aplica o programa para o cal a entidade solicita a axuda deberá presentar ante a entidade solicitante unha autorización con polo menos os datos contidos no anexo II, que terá validez para todas as anualidades en que a entidade solicite a axuda para a aplicación do dito programa, e deixará de ter validez cando o titular da explotación lle comunique á entidade a súa baixa nel.

3. Cada solicitude que presente cada entidade deberá corresponder a un único programa obxecto de axuda e incluírá, polo menos, os datos establecidos no anexo I e irá acompañada das autorizacións individuais de todos os titulares das explotacións incluídos no programa, que conterán polo menos os datos establecidos no anexo II.

4. A solicitude presentase coa seguinte documentación, achegada pola entidade:

- a) Memoria do programa establecida no artigo 7.
- b) Documentación relativa ao equipo técnico ao cal se lle encomenda a aplicación das accións previstas de asesoramento técnico, coa súa cualificación.
- c) Declaración da entidade do cumprimento das exixencias establecidas no artigo 3.1.
- d) Identificación do ou dos laboratorios de análises de mostras.

Artigo 12. *Documentación adicional para a solicitude das axudas á certificación externa.*

O contido mínimo da solicitude sinalada no artigo anterior deberase completar, para a solicitude de axudas á certificación externa polo menos coa seguinte documentación:

- a) Contrato da entidade coa entidade de certificación.
- b) Identificación da entidade de certificación.
- c) Fotocopia do certificado de acreditación da entidade de certificación ou, se é o caso, fotocopia da solicitude de acreditación presentada ante a entidade de acreditación.

d) Fotocopia do anexo técnico emitido pola entidade de acreditación a que se refire o artigo 10, que acredite o alcance e a duración da certificación obtida pola entidade independente de control.

e) Programa para a certificación externa, elaborado pola entidade en colaboración co equipo técnico, coas características que se indican no artigo 8.

Artigo 13. *Instrución e resolución.*

1. A recepción de solicitudes e a súa instrución e resolución corresponderá ao órgano competente da comunidade autónoma.

2. Nas resolucións de concesión das axudas farase constar que estarán condicionadas ao efectivo cumprimento dos requisitos e compromisos establecidos para cada unha delas neste real decreto.

3. Nas resolucións de concesión de axudas teranse en conta as dispoñibilidades orzamentarias.

4. Nas convocatorias e nas resolucións faranse constar expresamente os fondos que proceden dos orzamentos xerais do Estado.

Artigo 14. *Modificación da resolución.*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Así mesmo, a obtención concorrente de subvencións outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais cando con isto se excedan os límites previstos no artigo 5.2, dará lugar á modificación da resolución para rebaixar a contía da axuda prevista nesta norma ata a cantidade resultante para non exceder os ditos límites.

Artigo 15. *Anticipo de pagamento.*

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.k) e 34.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, poderanse efectuar anticipos de pagamento das axudas, con carácter previo á xustificación das actividades obxecto de axuda, logo da achega pola entidade dun aval bancario, de duración indefinida, solidario con renuncia expresa ao beneficio de excusión, por importe igual á contía anticipada incrementada nun 10 por cento, que se outorgará á disposición da autoridade competente da comunidade autónoma onde radiquen as explotacións incluídas no programa.

Artigo 16. *Xustificación.*

1. As entidades deberán facer chegar á autoridade competente, anualmente no prazo que se estableza na convocatoria, como mínimo a seguinte documentación:

a) Explotacións incluídas en cada programa, volume de leite e importe da axuda.
b) Explotacións excluídas dos programas, volume de leite e motivo de exclusión.
c) Informe conciso sobre a aplicación do pagamento diferencial positivo, se é o caso, establecido e sobre os seus resultados.

d) Validez do sistema de verificación e das medidas correctoras aplicadas.

e) Total dos custos do programa e desagregación por epígrafe da guía cos seus xustificantes de gasto.

f) Informe conciso e individualizado do equipo técnico por explotación, sobre a execución do programa:

1.º Coa identificación da explotación e co seu volume de produción.

2.º Co resultado xeral obtido do programa con referencia clara a cada unha das epígrafes da guía.

3.º Coa descrición do número de visitas realizadas

g) Ademais, para os programas de certificación externa e tras o terceiro ano de aplicación do programa, presentárase a fotocopia dos certificados establecidos no artigo 8.2.

2. A información exixida no punto 1 poderá ser requirida ao solicitante, a criterio da autoridade competente, en papel, en soporte dixital ou por vía telemática.

Artigo 17. *Pagamento das axudas.*

1. Unha vez xustificada a realización da actividade, procederase ao pagamento das axudas, logo de comprobar o efectivo cumprimento dos requisitos e compromisos establecidos neste real decreto e sempre que non existise ningún motivo de denegación do pagamento, conforme o artigo seguinte.

2. Poderanse realizar pagamentos fraccionados á conta ao longo de cada ano, que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas e que serán aboados por unha contía equivalente á xustificación presentada.

Artigo 18. *Perda do dereito ao cobramento da subvención.*

O incumprimento dalgún dos requisitos exixidos para a concesión da axuda, ou do prescrito no parágrafo segundo do artigo 34.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, con independencia doutras responsabilidades en que puidese incurrir a entidade, dará lugar á perda do dereito ao cobramento da axuda concedida.

Artigo 19. *Reintegro das axudas.*

1. Procederá o reintegro das cantidades percibidas, así como a exixencia do xuro de demora desde o momento do pagamento da subvención, nos supostos recollidos no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Así mesmo, serán causa de reintegro das axudas as que recolle o artigo anterior, de se produciren tras o aboamento da subvención.

Artigo 20. *Duración do procedemento.*

1. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución será de seis meses, contados desde a publicación da correspondente convocatoria de cada ano.

2. Transcorrido o prazo a que se refire o punto anterior sen se lles ter notificado aos interesados a resolución expresa, estes poderán entender desestimada a súa solicitude.

Artigo 21. *Controis e inspeccións.*

1. O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, en coordinación coas comunidades autónomas, establecerá un plan de controis oficiais do réxime de axudas establecido neste real decreto, que incluírá entre outros aspectos do control oficial:

a) A porcentaxe mínima de controis sobre o terreo que deberán realizar as comunidades autónomas.

b) As pautas para a realización dos controis oficiais.

2. Os controis poderanse realizar sobre entidade, beneficiario, equipo técnico, entidade de certificación e laboratorio de análise.

3. Estes controis poderanse compatibilizar con calquera outro realizado pola mesma autoridade competente.

Artigo 22. *Rexistro e avaliación de resultados.*

1. A autoridade competente rexistrará anualmente, para gando vacún, na «base de datos Letra Q», creada no Real decreto 217/2004, do 6 de febreiro, os datos necesarios para a correcta xestión da información.

2. A autoridade competente elaborará anualmente un informe por entidade que permita avaliar o grao de eficacia do programa aplicado por esta. O informe incluírá, polo menos:

- a) Datos para identificación: entidade, produtor, especie, volume de leite, tipo de programa segundo o artigo 1.2, equipo técnico e entidade de certificación.
- b) Resumo da consecución das diferentes epígrafes da guía.
- c) Resultados da aplicación do pagamento diferencial positivo, cando proceda.
- d) Resultados dos controis oficiais establecidos no artigo 21 deste real decreto, cando proceda.

3. O grao de eficacia reflectido nestes informes poderase utilizar como criterio de priorización para a concesión de axudas de anos posteriores.

4. Cada comunidade autónoma elaborará un informe anual de resultados que inclúa, polo menos, os seguintes aspectos relativos á eficacia dos programas para o conxunto das explotacións do seu ámbito territorial nas cales se aplicou:

- a) Evolución do proceso de implantación da guía.
- b) Evolución dos resultados de calidade hixiénico-sanitaria do leite cru segundo o establecido no Regulamento (CE) n.º 853/2004, do 29 de abril, e no caso de vacún leiteiro segundo o disposto polo Real decreto 1728/2007, do 21 de decembro.
- c) Resultado dos controis, se é o caso.

5. Os resultados analizaranse por grupos, en función da especie implicada, o tipo de programa e o tipo de entidade, e irán acompañados dos informes individuais establecidos no punto 2.

Artigo 23. *Deber de información.*

1. As autoridades competentes comunicarán ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, antes do 1 de xuño de cada ano, as normas ou os programas complementarios que, se é o caso, se establezan de acordo co sinalado no artigo 3.1.d).

2. A autoridade competente remitirá, en papel e vía telemática, á Dirección Xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros do Ministerio de Ambiente, e Medio Rural e Mariño, antes do 1 de febreiro do ano seguinte ao da convocatoria das axudas, diferenciado por especie, tipo de entidade e tipo de programa, cubrindo, polo menos, a seguinte información:

- a) A relación por entidade, co número de explotacións, volume de leite incluído e as axudas estatais concedidas.
- b) A relación por entidade, co número de explotacións excluídas do programa e o motivo.
- c) Os remanentes dos fondos estatais diferenciados por especies, resultantes ao finalizar cada exercicio orzamentario.

3. Co fin de valorar a consecución dos obxectivos previstos, a autoridade competente remitirá á Dirección Xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, en papel ou vía telemática, antes do 1 de abril do ano seguinte ao de cada convocatoria, o informe anual de resultados a que se refire o punto 4 do artigo anterior.

4. Cando a comunidade autónoma ou a entidade realicen calquera tipo de divulgación sobre estas axudas, indicarán que os fondos proveñen dos orzamentos xerais do Estado.

Artigo 24. *Financiamento da axuda.*

1. O financiamento polo Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño efectuarase con cargo ao crédito dispoñible na aplicación orzamentaria que se determine nos orzamentos xerais do Estado para cada ano. Sen prexuízo do previsto respecto da acumulación e compatibilidade no artigo 5, a concesión das axudas, no que se refire aos fondos financiados polo dito ministerio, estará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da concesión.

2. O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño transferirá ás comunidades autónomas as cantidades que correspondan, de acordo co punto 1, para atender o pagamento das subvencións reguladas por este real decreto, de acordo coas dispoñibilidades orzamentarias e conforme o establecido no artigo 86 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

3. Para cada exercicio establecerase, coas dispoñibilidades orzamentarias e tendo en conta, se é o caso, os remanentes de fondos resultantes ao finalizar cada exercicio orzamentario que se encontren en poder das comunidades autónomas, a cantidade máxima que se deberá transferir a cada comunidade.

Disposición transitoria única. *Autorización provisional de organismos independentes de control.*

As autoridades competentes das comunidades autónomas onde vaian iniciar a súa actividade os organismos independentes de control poderán autorizar provisionalmente estes organismos sen a acreditación previa específica cun alcance que cubra a implantación das guías previstas neste real decreto, sempre que, estando xa acreditados conforme a norma UNE-EN 45011, solicitasen a mencionada acreditación específica. Esta autorización provisional producirá efectos durante o prazo máximo dun ano desde a data desta ou ata que sexan acreditados se o prazo é menor.

A autorización provisional producirá efectos en todo o territorio nacional, sen prexuízo de que o organismo independente de control deberá comunicar previamente á autoridade competente o inicio da súa actividade no seu ámbito territorial cando esta autoridade sexa distinta da que outorgou a autorización provisional.

Transcorrido o prazo dun ano desde que obtivo a autorización provisional sen ter obtido a acreditación, a autorización provisional caducará automaticamente sen que a mesma persoa física ou xurídica poida volver solicitar outra autorización provisional na mesma ou noutra comunidade autónoma.

En caso de tratarse de persoas xurídicas, deberase presentar coa solicitude de autorización provisional unha relación de socios e administradores que garanta que non existe coincidencia entre os órganos de goberno da solicitante con respecto aos dalgunha outra entidade á cal lle caducase a autorización provisional.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 460/2002, do 24 de maio, polo que se establecen axudas ao financiamento de accións de asesoramento para a mellora da calidade do leite producido e recollido nas explotacións.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Normativa aplicable.*

En todo o non previsto neste real decreto será de aplicación a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Disposición derradeira terceira. *Condición das axudas.*

O outorgamento das axudas reguladas neste real decreto queda condicionado á publicación do número de rexistro da solicitude de exención, na páxina web da Dirección Xeral de Agricultura e Desenvolvemento Rural da Comisión Europea, e non serán aplicables antes da data da dita publicación.

Disposición derradeira cuarta. *Adaptación de anexos e prazos.*

Facúltase a ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño para modificar o contido dos anexos e as datas e os prazos para a súa adaptación ao disposto na normativa comunitaria.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 16 de outubro de 2009.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente,
e Medio Rural e Mariño,
ELENA ESPINOSA MANGANA

ANEXO I

Datos mínimos da solicitude da entidade

1. Identificación da entidade solicitante:

Nome e razón social.
CIF.
Domicilio.
Teléfono.
Localidade, provincia e código postal.
Tipo de entidade: central de compras, cooperativa, SAT, agrupación de produtores, asociación de produtores.

2. Identificación do responsable entidade:

Apelidos e nome.
NIF.
Domicilio.
Teléfono.
Localidade, provincia e código postal.

3. Identificación do programa:

Especie: vacún, ovino, caprino.
Tipo de programa: asesoramento segundo o punto 4.a) do artigo 1 ou certificación segundo o punto 4.b) do artigo 1.
Orzamento do programa desagregado por capítulos da guía.

4. Titulares das explotacións en que se aplicará o programa para o cal se solicita a axuda:

Apelidos e nome ou razón social	NIF ou CIF	Domicilio ou sede social	Teléfono, localidade, provincia e código postal

ANEXO II

Datos mínimos da autorización do titular da explotación en que se aplica o programa para o cal se solicita a axuda

1. Identificación do titular da explotación:

Apelidos e nome ou razón social	NIF ou CIF	Domicilio ou sede social	Teléfono, localidade, provincia e código postal

2. Identificación da explotación:

Nome	Enderezo	Código REGA	Teléfono, localidade, provincia e código postal

3. Identificación do programa en que autoriza a súa inclusión:

Especie (vacún ou ovino)	Tipo de programa: asesoramento segundo o punto 2.a) do artigo 1 ou certificación segundo o punto 2.b) do artigo 1.

4. Identificación da entidade solicitante da axuda, a cal o titular da explotación autoriza para a súa inclusión no programa obxecto da axuda:

Nome e razón social.
 CIF.
 Domicilio.
 Teléfono.
 Localidade, provincia e código postal.
 Tipo de entidade: central de compras, cooperativa, SAT, agrupación de produtores, asociación de produtores.

5. Acreditación do cumprimento dos requisitos exixidos no artigo 3, puntos 3, 4 e 5.

- Declaración responsable do cumprimento destes requisitos.
- Outros documentos que, se é o caso, se presenten (indicar cales).

6. Lugar, data e sinatura.